

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO DA CONVOCATORIA POLA QUE SE ADXUDICAN AS BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAL AUXILIAR EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN MARIÑA CONVOCADAS POLA ORDE DO 2 DE XULLO DE 2021.

No DOG Nº 138, de 21 de xullo convocouse a Orde do 2 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras que rexerán a convocatoria de oito (8) bolsas para completar a formación de técnicos superiores de ciclos formativos de grao superior como persoal auxiliar de investigación mariña.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes e realizados os trámites previstos na referida orde, a comisión de avaliación, constituída ao abeiro do artigo 10.3 da convocatoria, avaliou os méritos dos solicitantes admitidos de acordo cos criterios fixados no artigo 9 da convocatoria e elaborou unha relación de persoas propostas para a adxudicación das bolsas cos solicitantes por orde puntuación, de acordo co disposto nas bases da convocatoria.

En virtude do anterior, e vista a proposta de resolución, de conformidade co artigo 10.5 da orde, RESOLVO:

1. Adxudicar as bolsas para a formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña, ás persoas que de seguido se relacionan, na especialidade de “actividade marítimo pesqueira/acuicultura”, de acordo co disposto no artigo 10.5 da citada orde.

De acordo co artigo 3 da convocatoria, a contía das bolsas será de 900 euros brutos mensuais, nos cales van incluídos os custos da cota obreira á Seguridade social.

As persoas beneficiarias das bolsas integraranse no réxime xeral da Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

ADXUDICATARIOS/AS:					
APELIDO1	APELIDO 2	NOME	DNI	PUNT. TOTAL	IMPORTE
RODRÍGUEZ	DOMÍNGUEZ	SILVIA	***0757**	4	21.600 €
FUENTES	PADÍN	TANA	***6069**	3,8	21.600 €
PAYO	LARA	ALBERTE	***9283**	2,95	21.600 €
FERNÁNDEZ	PÉREZ	ALEJANDRO	***4471**	2,6	21.600 €
MARTÍNEZ	GARCÍA	GERMÁN	***1654**	1,8	21.600 €

2. Non procede proposta de candidatos para a especialidade “ Química/análise e control” nin listaxe de suplentes , ao non existir máis persoas candidatas que cumpran os requisitos.

3. Non admitir as solicitudes que se relacionan, por non cumprir cos requisitos indicados:

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI	CAUSA DA EXCLUSIÓN
ABILLEIRA	SIMES	SABELA	***8996**	f, k
ARES	BALEA	ILIAN	***5963**	a, j
CASTRO	CAMBRE	YONATAN	***8684**	b, f,
FUENTES	FUENTES	CAROLINA	***4039**	n
GARRIDO	DOMÍNGUEZ	MARTÍN	***1293**	a
GONZÁLEZ	VALLEJO	MÓNICA	***3973**	b, g, n
MARTÍNEZ	ALFONSO	PABLO	***9644**	n
PADÍN	BERMÚDEZ	JOSÉ LUIS	***8029**	b, j, n
SÁNCHEZ	PIÑEIRO	ANDREA	***8499**	b
TABOADA	BLANCO	EUGENIA	***1553**	a, b
CÓDIGO CAUSA DA EXCLUSIÓN				
<i>a</i>	<i>Non posuír o título de técnico/a superior nalgunha das especialidades requiridas (Artigo 2.1)</i>			
<i>b</i>	<i>Non ter rematados os estudos con posterioridade ao 31 de decembro de 2018 (Artigo 2.1)</i>			
<i>f</i>	<i>Ser persoa beneficiaria destas bolsas ou outras similares en anteriores convocatorias durante o período dun (1) ano ou superior (Artigo 2.4)</i>			
<i>g</i>	<i>Non ter cursado os estudos ningún dos centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia (Artigo 2.5)</i>			
<i>j</i>	<i>Certificación académica incompleta (sen detalle das materias ou cualificacións) ou non presentada dos estudos realizados (artigo 5.1a)</i>			
<i>k</i>	<i>Non presentar copia do título ou non xustificar o pagamento dos estudos realizados (artigo 5.1b)</i>			
<i>n</i>	<i>Non presentar o Certificado de Celga ou equivalente non expedido pola Secretaría Xeral de Política lingüística (Artigo 5.1e)</i>			

4. As persoas beneficiarias das bolsas deberán confirmar a súa aceptación ou renuncia no prazo de dez (10) días naturais seguintes a publicación desta resolución. Despois de transcourir o mencionado prazo, se os/as beneficiarios/as non se declarasen en ningún sentido, entenderase que aceptan a bolsa.

5. As persoas beneficiarias das bolsas deberán presentar unha declaración responsable na que conste que non realiza traballo remunerado nin desfruta doutro tipo de bolsa ou axuda.

6. As persoas beneficiarias terán as obrigas establecidas no artigo 15 das bases da convocatoria.

7. O período de realización das bolsas é de dous anos comprendidos entre o 1 de decembro de 2021 e o 30 de novembro de 2023.

8. Tódalas solicitudes para as que se propón o seu financiamento compren os requisitos establecidos nas correspondentes bases de convocatoria.

9. Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Conselleira do Mar no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación desta resolución na páxina web oficial da Consellería do Mar, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación,

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

A Conselleira do Mar

P.D. (Orde do 8.9.2017; DOG nº 180 do 21 de setembro)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Susana Rodríguez Carballo

(Asinado dixitalmente)

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

